



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
**LABORAL****LOITA**  
**polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 719 Semana do 27 de febreiro ao 5 de marzo de 2017

**UGT-GALICIA DENUNCIA A EXTENSIÓN DA PRECARIIDADE ENTRE AS PERSOAS DESEMPREGADAS. XA HAI 107.527 PARADOS SEN NINGÚN TIPO DE COBERTURA**

## A PRECARIIDADE EMPAÑA O LEVE DESCENSO DO PARO EN GALICIA

*O Sindicato esixe políticas públicas que garanticen a empregabilidade e a protección social das persoas*

**Redacción.-** Os datos do paro feitos públicos este xoves reflicten que o mes de febreiro rematou con 211.924 persoas en situación de desemprego en Galicia, caendo tan só un 0,07 por cento con respecto ao mes anterior, 154 desempregados menos. No resto do Estado a baixada foi dun 0,25 por cento.

En relación a hai un ano, a baixada do paro foi dun 9,9 por cento, 23.344 desempregados menos.

Por sexos, o desemprego caeu entre os homes nun 0,46 por cento e medrou entre as mulleres nun 0,25 por cento. As mulleres seguen a ter maior peso no desemprego, acadando a porcentaxe do 54,6 por cento do total. En termos interanuais o desemprego caeu en ambos sexos pero moito máis entre os homes. Os homes contraen a cifra de desempregados nun 11,64 por cento fronte á menor caída das mulleres, dun 8,45 por cento.

O mercado laboral ao retomar a senda de mellora beneficia moito máis aos homes, a desigualdade segue presente. 96.196 desempregados e 115.728 desempregadas no mes.

Por idades, o paro entre os menores de 25 anos medrou nun 3,18 por cento, sen embargo, no ano, a caída foi máis acusada que no resto de idades, dun 17,19 por cento. As razóns desta forte caída están na saída de efectivos da Comunidade na busca dun futuro mellor, así como, na falta de relevo xeracional.

Por sectores, o paro sube no mes nun 0,24 por cento na industria e nun 1,43 por cento entre o colectivo de sen emprego anterior. No resto diminúe e mantense en servizos. No ano contráese en todos os sectores.

En termos de contratación, obsérvase de novo un alto índice de rotación, con 62.323 contratos nun mercado laboral que conta con 825.000 asalariados. Rotación e precarie-



dade son as señas de identidade do mercado laboral galego.

A contratación baixou nun 10,83 por cento, diminuindo nos temporais nun 11,3 por cento e nun 6,5 por cento nos indefinidos. Interanualmente, a contratación medrou nun 1,15 por cento, cunha suba do 7,94 por cento entre os indefinidos e nun 0,43 por cento entre os temporais. Non obstante, a porcentaxe de contratación indefinida sobre o total é de tan só o 10,19 por cento, o que evidencia a precariedade e temporalidade do mercado laboral galego.

Precariedade que tamén afecta ás persoas que están en situación de desemprego con coberturas cada vez máis reducidas. O número de beneficiarios de prestacións por desemprego é de tan só 104.551 pero é que o carácter contributivo destas prestacións está baixo mínimos, tan só 46.615, o 44,6 por cento do total. O resto son prestacións de carácter asistencial co que isto supón, contías moi baixas que sitúan a moitas familias no limiar da pobreza ou exclusión social.

Así, a día de hoxe a taxa de cobertura é en Galicia do 53,4 por cento, moi por debaixo do 56,53 por cento do resto do Estado. Dende UGT-Galicia denúnciase que o número de persoas desempregadas que non teñen ningún tipo de cobertura ascende a 107.527.

A media de afiliados á Seguridade Social é en Galicia de 953.563 cotizantes, cun aumento no mes do 0,3 por cento e no ano dun 1,93 por cento, un incremento moito máis baixo que no resto do Estado onde a porcentaxe de suba anual foi do 3,38 por cento.

En definitiva, os datos publicados onte polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social evidencian, de novo, o carácter estacional da xeración do emprego, ligado a campañas como as de Nadal ou rebaixas; a elevada dosis de precariedade cunha continuada perda de calidade do emprego; a precarización tamén da contratación indefinida, fenómeno que se observa dende a entrada en vigor da reforma laboral; e a extensión da precariedade entre as persoas en situación de desemprego, co descenso da taxa de cobertura e a extensión do paro de longa duración.

Para UGT-Galicia, a protección social debe garantirse, mellorando a cobertura e reforzando as prestacións por desemprego. Acompañando a esta medida é imprescindible potenciar as políticas activas de emprego desde o eido público. Neste senso, resulta urxente poñer en marcha un plan de choque polo emprego con medidas de creación de postos de traballo que conten con recursos adicionais para os servizos públicos de emprego, co fin de mellorar a empregabilidade e a formación e lograr así a inserción permanente dos desempregados.

# ESPAÑA TEN CASE 7 PUNTOS MENOS DE PRESIÓN FISCAL QUE A MEDIA DA ZONA EURO

Co PIB de 2015, isto supuxo que o Estado deixou de ingresar máis de 70.000 millóns de euros

**Redacción.**- España posúe 6,8 puntos menos de presión fiscal que a media da zona euro, unha diferenza que supuxo, co PIB de 2015, un déficit de 73.143 millóns de euros.

A diferenza respecto doutros países centrais da zona é moito maior: 13,3 puntos con Francia e 8,9 con Italia, por citar dous dos máis próximos. E 13 puntos tamén con Dinamarca, país ao que, por certo, moitos adoitan poñer como referencia en materia de mercado laboral pola súa chamada flexibilidade, mentres que ocultan datos tan importantes como este.

**Presión fiscal na UE. En azul, os países da UE que non forman parte da zona euro**

	2015	Diferencia relativa de España
France	47,9	-13,3
Denmark	47,6	-13,0
Austria	44,4	-9,8
Sweden	44,2	-9,6
Finland	44,1	-9,5
Italy	43,5	-8,9
Belgium	41,5	-6,9
Euro area (19 countries)	41,4	-6,8
European Union (26 countries)	40,0	-5,4
Germany	40,0	-5,4
Greece	39,6	-5,0
Hungary	39,2	-4,6
Luxembourg	39,1	-4,5
Netherlands	38,2	-3,6
Croatia	37,6	-3,0
Slovenia	37,1	-2,5
Portugal	37,0	-2,4
United Kingdom	34,9	-0,3
Malta	34,7	-0,1
Spain	34,6	0,0
Czech Republic	34,4	0,2
Estonia	34,1	0,5
Poland	33,3	1,3
Cyprus	33,0	1,6
Slovakia	32,4	2,2
Latvia	29,5	5,1
Lithuania	29,4	5,2
Bulgaria	29,0	5,6
Romania	28,0	6,6
Ireland	24,4	10,2

Fonte: Eurostat

No noso país, o Estado recada 182.008 millóns en impostos e taxas e o grosu desta recadación débese ao IRPF, con 72.345 millóns - o 39,7% do total da recadación tributaria total-, e o IVE, con 60.305 millóns- o 33% do total-.

Máis do 80% da recadación polo IRPF provén das rendas do traballo.

Doutra banda, o Estado ingresa ademais 100.579 millóns en cotizacións á Seguridade Social. O que fai un total de in-



gresos fiscais (tributos) e parafiscais (cotizacións) líquidos (recadación efectiva) de 282.587 millóns de euros.

Do total das rendas declaradas no IRPF, o 84% son rendas do traballo (remuneracións salariais e pensións), unha porcentaxe similar ao que supoñen do total do recadado en retencións, o 82%.

Desde o inicio da crise, foron os traballadores os que soportaron a maior parte da carga tributaria estatal, non as empresas. De feito, o Imposto de Sociedades recada 10 puntos menos agora con respecto a 2007.

Segundo a Axencia Tributaria (AEAT), no ano 2007 o Imposto de Sociedades supoñía un 23,21% da recadación fiscal dos catro grandes impostos (IRPF, IVE, Sociedades e Impostos Especiais), mentres que o IVE supoñía un 28,93%. Con todo, en 2015, o Imposto de Sociedades recada dez puntos menos, o 13,19%, mentres que o IVE sitúase dez puntos por encima, o 38,65%, e xunto co IRPF supoñen o 77,52% da recadación total deses catro bloques impositivos.

Mentres as empresas cada ano pagan menos impostos, os traballa-

dores teñen que tributar máis aínda con peores empregos e salarios.

Os sucesivos gobernos foron aplicando medidas para reducir a tributación efectiva das rendas empresariais, mentres foron establecendo un sistema menos progresivo, incrementando o peso da imposición indirecta. Menos protección ás persoas e un sistema de impostos máis desequilibrado, aumentando con iso as desigualdades e os niveis de pobreza.

Os impostos sustentan os nosos servizos públicos e a redución de obrigacións fiscais para empresas e grandes patrimonios está a provocar un recorte substancial dos mesmos, o que supón unha redución de dereitos clara para os cidadáns españois.

Para UGT, é necesario levar a cabo unha reforma integral do sistema fiscal en España xusta e equitativa, que potencie a progresividade, que dote de maiores recursos económicos e humanos á Axencia Tributaria e fomente a concienciación colectiva para conseguir un sistema forte, estable e suficiente.

Os que máis teñen deben pagar máis e hai que loitar dunha vez por todas contra a fraude fiscal que, segundo algúns cálculos, ascende a uns 80.000 millóns de euros que poderían ser destinados a cubrir os gastos necesarios dos servizos fundamentais.

Necesitamos un sistema fiscal que obteña os ingresos necesarios para cubrir os gastos, que acabe coa fraude e que sirva para alcanzar un Estado de Benestar digno á altura do que reclama a cidadanía.

Ingresos tributarios líquidos - 2015  
En miles de millones de euros

Impuesto Renta de las Personas Físicas	72.345.522
Impuesto sobre Sociedades	20.648.872
Impuesto sobre la Renta de No Residentes	1.639.337
Impuestos medioambientales	1.863.795
Otros	255.947
<b>TOTAL IMPUESTOS DIRECTOS</b>	<b>96.753.473</b>
Impuesto sobre el Valor Añadido	60.304.886
Impuestos Especiales	19.146.678
Otros	3.274.822
<b>TOTAL IMPUESTOS INDIRECTOS</b>	<b>82.726.386</b>
<b>TASAS Y OTROS INGRESOS</b>	<b>2.528.783</b>
<b>TOTAL</b>	<b>182.008.642</b>

Fuente: Informe Anual de Recaudación Tributaria - 2015 - Agencia Tributaria

## UGT ANIMA Á PARTICIPACIÓN NAS MOBILIZACIÓNS DO 8 DE MARZO



**8 de marzo 2017**  
**Día Internacional da Muller**

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores, con motivo da celebración do Día Internacional da Muller, o próximo 8 de marzo, reafirma o seu compromiso de loita pola igualdade e anima á participación nas mobilizacións que convocou o movemento de mulleres para denun-

ciar a discriminación laboral e social, así como a violencia que sofren as mulleres en todo o mundo.

O sindicato realiza un amplo despregamento, como cada 8 de marzo, para difundir e facer visibles nos centros de

traballo, a través das súas delegadas e delegados, as súas reivindicacións e propostas nesta materia. UGT reitera o seu compromiso de reforzar os esforzos para erradicar a desigualdade laboral, a través da negociación colectiva e os plans de igualdade.

## OS TRABALLADORES DEBEN GAÑAR PODER ADQUISITIVO



**Redacción.-** O Indicador adiantado do IPC volve constatar que a taxa interanual mantense no 3%, e iso a pesar de que en febreiro os prezos baixaron un 0,3%, con respecto a xaneiro, polo descenso dos prezos da luz e as gasolinas.

Dous compoñentes que, con todo, levan á inflación a niveis de fai catro anos e medio. Así, por exemplo, a subida do prezo da electricidade, contrasta coa noticia de que as grandes compañías eléctricas gañasen en 2016, 5.463 millóns, isto é un 9% máis.

O incremento dos prezos e a propia evolución da nosa economía (crece por encima do 3%) unido, á realidade constatada pola propia Comisión Europea, do incremento da pobreza e desigualdade en España, e de que cada vez haxa máis traballadores pobres, fan insoslaible a demanda sindical de que todos os traballadores gañen poder adquisitivo.

Así os prezos iniciaron unha senda de crecemento que, segundo as previsións eco-

nómicas oficiais, consolidarase durante os próximos meses ata situar o IPC de 2017 en torno ao 1,7%.

Por iso, é hora de acabar coa contención salarial e negociar incrementos para que todos os traballadores gañen poder adquisitivo, tal e como defenden os sindicatos, no marco do Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (propoñen subidas desde o 1,8% ata o 3%).

Máxime tendo en conta que os traballadores sufriron recortes profundos durante a crise (especialmente os que percibían salarios máis baixos); a renda media dos fogares caeu un 13% desde 2009; a poboación en risco de pobreza ou exclusión chega ao 28,6%; e o 18,1% dos traballadores son pobres.

Esta pinza salarial permitiría empezar a compensar as rebaixas salariais da crise e fomentar o consumo e o investimento, e con iso a economía e a creación de emprego.

Así mesmo, é preciso acabar coa reforma laboral que provocou unha desvalorización laboral sen precedentes e cuxas medidas de axuste, ademais de ser inxustas, agora non teñen ningunha xustificación. Unha normativa que causou un dano irreparable á negociación colectiva, pois rompeu as relacións laborais e deu maior poder aos empresarios.

UGT critica a cerrazón da patronal ao opoñerse a incrementos salariais razoables acordados coa nova situación económica, pide que rectifique e sente a negociar no marco do diálogo social e advirte que se persiste nesta postura aumentará a conflictividade laboral.

O sindicato considera, ademais, que competir en base a seguir rebaixando os custos laborais terminará lastrando a nosa economía e poñerá en serio risco ao noso sistema de Seguridade Social. Por iso, pide responsabilidade ao Goberno e á patronal. Hai que derrogar a reforma laboral, volver equilibrar as relacións laborais e tratar de que o crecemento e a riqueza chegue a todos, non só a uns poucos.

# O DIÁLOGO SOCIAL SOBRE PENSÍONS NON MARCHA, A PESAR DO QUE DIGA RAJOY

**Redacción.-** A secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT, Mari Carmen Barrera, afirmou que, "a pesar de que o presidente do Goberno anunciou a semana pasada que ía haber un gran acordo en materia de pensións, cunha reforma que ía asegurar a sustentabilidade das pensións a futuro, a mesa de diálogo social continúa sen abordar os aspectos fundamentais para o sostemento do sistema".

"Seguimos falando de cuestións secundarias", asegurou. "Habería que exporlle ao presidente en que mesa e en que condicións preténdese negociar ese gran acordo en materia de pensións que expón como necesario, posto que de momento esta mesa só destínase a análise de meros datos técnicos".

Mari Carmen Barrera realizou estas declaracións tras a nova reunión da Mesa de Diálogo Social sobre pensións que tivo lugar esta semana, onde sinalou que "na última que celebramos a secretaria de Estado comprometeuse a entregarnos un cronograma cos obxectivos e materias a tratar, para coñecer o contido e a finalidade da mesma".

Neste sentido, a Unión Xeral de Traballadores "expuxo a incorporación de cuestións tan importantes como a revalorización das pensións, é dicir, a perda de poder adquisitivo tan grave, tras a alza do IPC ao 3%; a situación das pensións mínimas, que nos parece que é algo que ten que tratarse de maneira urxente para darlle unha solución a pensións por baixo do limiar da pobreza; e a incorporación da revisión do índice de revalorización e o factor de sustentabilidade da reforma de 2013, que son os responsables do recorte futuro das pensións e que para o sindicato é primordial que se incorpore a súa revisión a calquera acordo en materia de pensións que se poida expor".

Con todo, "esta mesa segue sen abordar estes temas e só expón cuestións secundarias. Preséntannos un estudo, nin sequera unha proposta, do destope das bases, onde se nos expoñen escenarios tan pouco ambiciosos como aumentar as bases máximas un 2% cada ano durante cinco anos, para recadar 1.150 millóns de euros nese período, algo tan débil que non se sitúa nin sequera por encima da inflación prevista para cada ano, por encima do 2% en calquera caso, e que non vai permitir, de ningunha maneira, acabar co déficit da Seguridade Social".

"O destope das bases supoñería máis de 7.000 millóns de recadación ao ano", afirmou Barrera. "A formulación do Goberno é insatisfactoria e ineficaz. Non responde nin



ás nosas peticións nin aos problemas que teñen hoxe en día os pensionistas. É unha maneira de dicir que o problema das pensións está a abordarse desde o diálogo social, trasladando unha mensaxe de tranquilidade á opinión pública que non responde á realidade actual".

Por iso, esixiu propostas "eficaces" de maneira urxente. "Vanse esgotando as comparecencias dos expertos no Pacto de Toledo e vaise a entrar en diálogo. Esta mesa planteábase ir en para-

lelo e continúa sen abordar aspectos fundamentais. Nós volveremos expor todos os elementos importantes, a ver se se abordan dunha vez. No Congreso, todos os grupos da oposición esixiron ao goberno que se expoña a subida de poder adquisitivo das pensións conforme ao IPC pero aquí non se puido nin sequera incorporar aínda á mesa. Xa é hora de que tratemos os problemas importantes das persoas e deixemos a análise cuantitativa de aspectos meramente técnicos".

## AS PENSÍONS TEÑEN QUE PERMITIR UNHA VIDA DIGNA A QUEN ESTIVO TRABALLANDO TODA A SÚA VIDA

**Redacción.-** "Para UGT, o proceso de negociación que se abriu co Goberno ten cuestións que son irrenunciáveis. Para nós, os problemas do actual sistema de pensións non teñen a orixe no gasto senón que ten orixe nos ingresos e iso determina de maneira clara cal será a nosa posición: queremos que se derogue a reforma do PP do ano 2013, a que introduciu o índice de revalorización das pensións e o factor sustentabilidade".

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, realizou estas declaracións durante unha multitudinaria asemblea de delegados para abordar a situación do Sistema Público de Pensións onde subliñou que o sindicato defende unha revalorización en función do incremento dos prezos e con cláusulas de revisión. Non é asumible que o futuro das pensións do noso país pase por revalorizacións do 0,25% cunha inflación do 3%. Non é sustentable".

Álvarez manifestou que UGT quere que se reverta tamén o acordo de pensións de 2011 e destacou que "antes de que se asine ningún acordo no Pacto de

Toledo, temos o compromiso de que se pasará a consulta das bases do sindicato".

"Non nos podemos enganar", advertiu de que os problemas do sistema de pensións do noso país teñen relación directa coas condicións de traballo e de que senón derrogamos a reforma laboral continuaremos tendo problemas porque a cuestión non é só o número de persoas que están dadas de alta, a cuestión son as condicións de traballo, os salarios dos novos cotizantes".

Na mesma asemblea, a secretaria de Políticas Sociais, Emprego e Seguridade Social do sindicato, Mari Carmen Barrera, manifestou que a crise do Sistema Público de Pensións é unha cuestión "puramente ideolóxica" e "utilizouse o déficit da Seguridade Social como a escusa perfecta para recortar as pensións".

"O Goberno quere dinamitar o sistema igual que dinamitou o mercado de traballo e está a facer coas pensións o mesmo que fixo coa educación ou a sanidade", sinalou, "por iso é necesario dar a batalla e situar o poder adquisitivo das pensións no centro do debate".

## O GOBERNO AFORRA Á CONTA DAS PERSOAS SEN EMPREGO E SEN COBERTURA



**Redacción.**- A Unión Xeral de Traballadores denuncia que o superávit de 2.263 millóns nas contas de 2016 do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) significa que os orzamentos establecidos para ser destinados a persoas sen emprego e sen cobertura por desemprego, non se executaron. Para UGT, este superávit non pode cualificarse, en ningún caso, como un éxito, tal e como o vendeu o SEPE, porque a existencia dun remanente neste organismo supón que hai máis de 2.000 millóns de euros que non se destinaron a prestar servizos de emprego aos cidadáns, e isto, nun país con máis de 4 millóns de desempregados, onde se enquistou o paro de longa duración -máis do 56% dos parados leva máis dun ano buscando traballo- e a taxa de cobertura por desemprego deixa sen prestación ao 45% das persoas rexistradas no paro, é incompreensible.

UGT sinala que a baixa execución de gastos produciuse en partidas que permitirían, en primeiro lugar, mellorar a cobertura das persoas desempregadas (por exemplo, no PAE e o PREPARA onde só se executou un 43% e un 62% do orzamento respectivamente) e, en segundo lugar, mellorar a empregabilidade dos desempregados e dos ocupados (onde só chegou a executarse en torno ao 70% do orzamento en formación).

Ademais, dos 75 orzamentados só se utilizaron 6,2 millóns, (un 8,3%), na partida de axencias de colocación xestionadas directamente polo SEPE. Un dato que proba o fracaso deste modelo de intermediación que tenta implantar o Goberno.

E, dos 100 millóns previstos ao comezo de 2016 para a modernización dos Servizos Pú-

blicos de Emprego, só se executaron 60 millóns, correspondentes á mellora do marco institucional do SNE. Os outros 40 millóns, que precisamente ían destinados á mellora das oficinas de emprego, perdéronse. Algo que evidencia o desinterese do Goberno en ofrecer uns servizos públicos de emprego de calidade.

Á vista da prórroga do orzamento para 2017, UGT esixe ao Goberno que efectúe as modificacións normativas necesarias para que o SEPE non aforre á conta das persoas sen emprego e sen cobertura. É hora de que o Goberno sente cos interlocutores sociais para mellorar as políticas públicas de emprego e aumentar a cobertura das persoas sen emprego nin protección.

## CEOE e CEPYME, PRIMEIRO TOCA FALAR DE SALARIOS

**Redacción.**- O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino, esixiu a CEOE e CEPYME que "deixen de falar do que lles interesa a eles, como é a flexibilidade, a desregulación e o dar máis poder á empresa, e se centren no que de verdade importa ás persoas deste país, os salarios"

Gonzalo Pino realizou estas declaracións na Xomada de Negociación Colectiva de UGT-País Valenciano, onde sinalou que "recibimos unha carta da patronal o 23 de febreiro, un día despois de manifestarmos ante as súas sedes, propoñendo unha ducia de temas, pero sen falar dos salarios de 2017. Nese xogo non imos entrar. Primeiro toca falar de salarios".

"A reforma laboral desequilibró tanto a negociación colectiva que a presión empresarial é tremenda para devaluar as condicións de traballo e para fixar aumentos salariais moi baixos. Agora están a pedir aumentos entre o 0% e o 1,5%, coa inflación en xaneiro no 3%", sinalou. De feito, "o aumento salarial medio de convenio fíxose no 1,2%, por baixo mesmo das recomendacións do AENC para 2016, que era do 1,5% máis produtividade".

Neste sentido, Gonzalo Pino afirmou que "a proposta dos sindicatos de aumentar os salarios entre un 1,8% e un 3% é proporcionada e sensata. Non nos volvemos tolos. O que non pode ser é que os traballadores perdan outra vez poder de compra e as empresas continúen aumentando os seus beneficios. Aí non van atopar a UGT".

Por iso "a patronal non quere falar de sa-

larios, senón doutras cuestións que lles interesan máis. Pois lle temos que dicir que os acordos están para cumprirse, porque, senón, o diálogo social non serve para nada. Téñense que dar conta que romper as pontes de diálogo e maltratar aos traballadores e traballadoras ten un alto custo".

O Secretario de Política Sindical de UGT lembrou que "a economía leva tres anos crecendo, pero non se está traducindo nunha mellora da calidade de vida da clase traballadora. Cada vez queda menos que recortar, tras os recortes do últimos sete anos. Pero segue sendo austeridade, igual de daniña".

"O desemprego segue en niveis moi elevados; o emprego é cada vez máis precario; os mozos vense obrigados a emigrar; os salarios caeron drasticamente desde 2009; aumenta a brecha salarial da muller, que é do 23%; as pensións son moi baixas; o Salario Mínimo Interprofesional e o IPREM seguen sen actualizarse adecuadamente; as prestacións por desemprego só cobren á metade dos desempregados; e as desigualdades e as situacións de pobreza e exclusión social aumentaron", manifestou.

Por iso, considerou que "é inadmisíbel que se estean realizando políticas que non teñen en conta os seus problemas e preocupacións. Desde os sindicatos temos a obrigaçión de recoller as demandas e problemas da clase traballadora. Temos que facerles ver que as cousas teñen que cambiar desde xa. E que iso só poderémolo facer se presionamos e se



o facemos todos xuntos, mediante o diálogo e a mobilización".

### Hai que combinar o diálogo e a mobilización para negociar

Gonzalo Pino afirmou que "o diálogo social co Goberno tampouco vai a mellor. Só hai unha mesa aberta e funcionando: a das pensións, e aí estamos encallados tamén. O resto das mesas anunciadas apenas se abriron. Nós temos vontade inequívoca de negociar, como sempre. O noso obxectivo é chegar a consensos para cambiar as políticas no noso país. Necesitamos políticas de Estado acordadas e estables que duren máis dunha Lexislatura". "Nin no diálogo coas organizacións empresariais nin co Goberno imos estar mareando a perdiz", sinalou. "As traballadoras e traballadores non entenderían iso. Os seus problemas son urxentes e hai que solucionalos xa".

Por iso, manifestou que "se non hai posibilidade de achegamento non imos seguir nin un minuto máis sentados na mesa. Non vai haber fotos gratis. Comezamos un proceso de mobilizacións, que se iniciaron o pasado 19 de febreiro e que van continuar o 23 de marzo con paros, asembleas e concentracións nas empresas. Hai que seguir presionando para que negocien. Cada vez, con máis intensidade e con todos os instrumentos ao noso alcance, ata que sexa necesario".

# FE-SP-UGT CHAMA Á FOLGA XERAL NO ENSINO O 9 DE MARZO

**Redacción.-** A Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia, da que forman parte as organizacións FeSP-UGT, CONFAPA GALICIA, FE-CCOO de Galicia, Sindicato de Estudiantes, ESCOLA VIVA e IESGA, máis STEG, facemos un chamamento á folga a toda a comunidade educativa o vindeiro 9 de marzo.

Esiximos unha lei Educativa de consenso. A LOMCE ten que ser derogada.

Reversión dos recortes en educación, que non garanten a igualdade de oportunidades e afondan na desigualdade.

Incremento dos orzamentos dedicados a educación.

## Recuperar un sistema de becas

Recuperación dun sistema de becas que garanta a igualdade de oportunidades.

Eliminación das contrarreformas universitarias e das prácticas non remuneradas en FP.

Recuperación dos cadros de persoal e dignificación das condicións laborais dos profesionais do ensino.

Freo á privatización do sistema educativo.

O Goberno afirma e anuncia que está disposto a acadar unha lei educativa de consenso. Pero a realidade demostra o contrario poñendo todas as trabas posibles a calquera iniciativa que acabe coa LOMCE. En primeiro lugar a subcomisión parlamentaria, que ten unha vixencia de seis meses, leva paralizada xa máis de dous; ademais modificou o seu obxectivo, que xa non será configurar unha nova lei senón un documento sobre a estratexia 2020, que quizás

**9 MARZO**

**FOLGA XERAL NO ENSINO**

**12 HORAS**

**19:30 HORAS**

**CONCENTRACIÓNS / MANIFESTACIÓNS**

**PRAZA DA PALLOZA - A CORUÑA**  
**EDIFICIO DA XUNTA - FERROL**  
**ALAMEDA - SANTIAGO**  
**PRAZA DE AMÉRICA - VIGO**  
**IES Nº 1 - RIBEIRA**  
**EDIFICIO MULTIUSOS - LUGO**

**SUBDELEGACIÓN DE GOBERNO - OURENSE**

**RD 3+2**

**LOMCE RECORTES**

Sexista, Segregadora, de elite, centralizadora, ideolóxica, clasista, autoritaria, personal, bolsas, comedores

Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia, Escola Viva, UGT Galicia, FE-SP Galicia, CCOO ensino, IESGA, STEG, Ilanva Verde Gallega

sirva para unha nova lei, ou non.

Simultaneamente, acorda acudir ao Tribunal Constitucional para intentar anular o acordo do Congreso polo que se impulsa a paralización da LOMCE, opóndose á vontade da comunidade educativa de derogar a LOMCE e acadar unha nova lei educativa, a pesar da súa situación minoritaria no Congreso dos Deputados. Actúa desprezando á comunidade educativa e ao poder lexislativo onde reside o poder popular.

## Reversión recortes en educación

Ademais, o retraso nos orzamentos do Estado, así como o escaso incremento das partidas dedicadas a educación nos orzamentos galegos, impiden a reversión dos recortes en educación non garantindo a igualdade de oportunidades e afondando na desigualdade.

Semellante forma de proceder non pode quedar sen resposta. A loita debe seguir realizándose en todos os niveis (desde educación infantil ata a universidade) e por todos os integrantes da comunidade educativa (alumnado, pais e nais, profesorado, cadros de persoal dos centros educativos, etc.), para seguir

esixindo: derogación da LOMCE e diálogo cos axentes sociais para acadar unha nova lei consensuada política e socialmente; reversión dos recortes; incremento dos orzamentos dedicados a educación; recuperación dun sistema de becas que garanta a igualdade de oportunidades; eliminación das contrarreformas universitarias e das prácticas non remuneradas en FP; recuperación dos cadros de persoal; dignificación das condicións laborais dos profesionais do ensino; freo á privatización do sistema educativo; baixada de ratios; superación de políticas normalizadoras que contribúan á recuperación e pervivencia da lingua galega, etc.

## Folga en todas as etapas, dende infantil ata universidade

Por estes motivos, A Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia convoca folga xeral educativa, en todas as etapas, desde infantil ata a universidade, o próximo 9 de marzo, chamando a todos os sectores da comunidade educativa a apoiala. Extendemos este chamamento a todos os representantes de todos os niveis e sectores do ámbito educativo para acadar unha convocatoria de folga de carácter unitario.

## UN DOCENTE PERCIBE AO FINAL DA SÚA CARREIRA PROFESIONAL ATA UN 29% MENOS QUE OS SEUS COLEGAS EUROPEOS

**Redacción.-** Os docentes españois do ensino público non universitario viron reducido o seu salario preto dun 13% só entre os anos 2009 e 2013, segundo un estudo do Sector de Ensino de FeSP-UGT realizado a partir de datos da Rede europea de información sobre educación Eurydice. Ao recorte do 5% decretado en 2010 polo Goberno de Mariano Rajoy, súmase a conxelación dos soldos, que unicamente en 2015 experimentaron unha subida do 1%. Como exemplo, un docente español ao final da súa carreira podía chegar a cobrar no curso 2015-2016 ata un 29% menos que os seus colegas europeos.

Os informes internacionais coinciden en sinalar que os sistemas educativos con mellores resultados son aqueles que manifestan un maior recoñecemento social e económico do seu colectivo docente. Con todo, no noso país a capacidade adquisitiva dos traballadores do ensino, que están chamados a secundar unha folga en todos os sectores educativos o próximo 9 de marzo, sitúase en termos semellantes aos do ano 2000.

Os salarios dos docentes españois fóronse afastando paulatinamente das medias dos países da nosa contorna. O soldo mínimo que ao comezo da súa carreira profesional percibe o profesorado de infantil, primaria e secundaria sitúase por baixo da media dos 21 países estudados.

En función da etapa, esa cifra pode fluctuar entre un -12,1 % e un -17,6 %. Ao tempo, os salarios máximos están tamén por baixo da media deses países, situándose entre un -23,8 e un -29%.

A progresión dos salarios docentes ao longo da traxectoria profesional non supera o 40%, cando en Europa a media é dun 60%. Ademais, no noso país requirense moitos máis anos de servizo para acceder ao soldo máximo: os docentes dos países europeos analizados necesitan entre 20 e 30 anos; os españois, 39.

A esa falta de progresión económica contribúe tamén o feito de que, en ausencia dunha verdadeira carreira profesional, o profesorado español só recibe bonificacións salariais por tres conceptos: formación permanente, responsabilidades adicionais e localización xeográfica -no caso das illas ou de Ceuta e Melilla-, aínda que non se perciben en todas as comunidades autónomas nin na mesma contía.

A redución salarial experimentada ao longo destes últimos anos afecta negativamente tanto ao profesorado que desenvolve o seu labor na aula, como a quen debe tomar a substitución. Da mesma maneira que non senten recoñecida a súa labor quen hoxe están en activo, de fronte ao futuro se desincentiva o ingreso na profesión dos mellores estudantes.



**Iniciarán unha recollida de firmas**

## O PERSOAL DO SERGAS MOBILIZARASE PARA RECUPERAR DEREITOS SUSPENDIDOS CO PRETEXTO DA CRISE

**As organizacións sindicais do sector denuncian a negativa da Consellería de Sanidade a sentar sequer a negociar un calendario**

**Redacción.-** UGT, xunto con CIG, CCOO, CSIF, SATSE e SAE, anunciaron este mércores, en rolda de prensa, unha campaña de mobilizacións diante da negativa da consellería de Sanidade a convocar a Mesa de Negociación para establecer un calendario que permita recuperar os acordos relativos ás condicións de traballo e melloras retributivas para o persoal do SERGAS. Unha negativa que transmitiu o propio conselleiro nunha xuntanza, celebrada o pasado día 9 de febreiro, que cualificaron como "frustrante e cabreante".

Faranse asembleas en centros de traballo e concentracións para recoller as firmas antes de intensificar as mobilizacións á volta do verán.

A recollida de sinaturas comezase o luns día 6 ata o martes 14.

Eliseo Rivas (FeSP-UGT) atribúe falta de respecto por parte do titular da Consellería e incluso descoordinación e unha supsta desconfianza por parte de Facenda no relativo ás partidas para sanidade.

## UGT esixe revertir a modificación do contrato predoctoral

**Redacción.-** UGT esixe que o Goberno reverta a modificación do contrato predoctoral, xa que está fóra das súas competencias e realizouse para beneficiar ás empresas. O sindicato lembra que este cambio, que aínda non foi notificado aos afectados, vai ter unha serie de prexuízos presentes e futuros para este colectivo, como o feito de non ter dereito a unha indemnización á finalización do seu contrato ou non ter dereito á cartilla sanitaria europea, entre outras cuestións. UGT reclama ao Goberno que dea explicacións sobre esta medida encuberta e ilegal e que se desenvolva o Estatuto do Investigador, para acabar calquera tipo de prexuízo para este colectivo. Pola contra, o sindicato mobilizarase para defender os dereitos dos 10.000 mozos investigadores do noso país.

## Desconvocadas as mobilizacións en Eulen tras a reincorporación ao seu posto de traballo do responsable de seguridade da FeSMC

**Redacción.-** Dende FeSMC in fórmasse que quedan desconvocadas as mobilizacións previstas para as vindeiras datas en Lugo, Ourense e A Coruña, como xa se fixo a semana pasada en Vigo, polo despedimento de Chus Álvarez, responsable de Seguridade e Limpeza de FeSMC-Galicia e traballador de seguridade en Eulen, na estación de Urzáiz en Vigo.

Un acordo, que garante a reincorporación ao seu posto de traballo de Chus Álvarez, pon fin ás mobilizacións previstas.